

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E O CONCELLO DE CENLLE PARA A RECUPERACIÓN AMBIENTAL E POSTA
EN VALOR PARA USO PÚBLICO DA MARXE DEREITA DO EMBALSE DE
CASTRELO.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Cenlle o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Cenlle para financiar as obras relativas á recuperación ambiental e senda peonil na marxe dereita do embalse de Castrelos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro,



do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

Terceiro.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Cuarto.- O concello de Cenlle pretende acometer o proxecto de recuperación ambiental e senda peonil na marxe dereita do embalse de Castrelos. A mellora do perímetro do embalse persegue unha dobre misión, desde o punto de vista funcional, recuperar ambientalmente este espazo degradado e mellorar o seu acceso, e desde o punto de vista estético, a remodelación do entorno para facelo máis atractivo de cara a fomentar a afluencia de visitantes.

As obras obxecto deste convenio sitúanse na marxe dereita do embalse de Castrelos nas proximidades de Razamonde, no Concello de Cenlle, provincia de Ourense.

Desta forma contribuirase o seguinte:

- Mellora do acceso o embalse de Castrelos no Concello de Cenlle.
- Recuperación ambiental do entorno.
- Mellora da seguridade para os peóns e vehículos no cruce coa vía de tren Ourense – Vigo.
- Darlle continuidade o paseo existente augas arriba.
- Creación dun paseo circular polo concello de Cenlle.
- Potenciar o turismo, atraendo visitantes que poidan practicar deporte o aire libre a vez que disfrutan de dúas das singularidades do concello, a auga e os viñedos.





Quinto.- Este proxecto supón a posta en valor turístico dos recursos do concello, e co obxecto de promover o turismo no concello, as partes consideran esencial colaborar na realización deste convenio, xa que se trata dunha acción de interese común, sendo o concello de Cenlle á única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Cenlle unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

